

I. DISPOSICIONS XERAIS

Corrección de erros.— Decreto 81/1987, do 26 de marzo, sobre mobilidade e accesibilidade dos minusválidos nos edificios dependentes da Xunta de Galicia.

Advertidos no devandito Decreto, publicado no DOG nº 70, do pasado día 13 de abril (luns), cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Nas páxinas 1.333 e 1.335, onde di: "Decreto 71/1987, do 26 de abril...", debe dicir: "Decreto 81/1987, do 26 de abril..."

Asimesmo, o anexo que figura na páxina 1.337, ó remate do Decreto 72/1987, de 17 de marzo, polo que se crea a Comisión de Desaugamento de Encoros da Comunidade Autónoma de Galicia, debe figurar ó remate do devandito Decreto 81/1987.

Consellería de Sanidade e Seguridade Social

Corrección de erros.— Decreto 65/1987, do 17 de marzo, polo que se regula a obtención do visado da publicidade sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro no mencionado Decreto, publicado no Diario Oficial de Galicia número 62, do pasado día 1 de abril, procede a súa rectificación:

Na páxina 1.194, artigo 14º, parágrafo segundo, onde di: "As resolucións da Comisión Autonómica...", debe dicir: "As resolucións da Comisión Galega..."

III. OUTRAS DISPOSICIONS**Consellería de Traballo, Industria e Turismo**

Resolución do 5 de marzo de 1987, da Delegación Provincial en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de establecemento e declaración, en concreto, de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita (Exp. 2.300 AT).

Para os efectos previstos no artigo 9º do Decreto 2.617/66 e artigo 10 do Decreto 2.619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de establecemento e declaración, en concreto, da súa utilidade pública, dunha instalación eléctrica que ten por características principais as seguintes:

Peticionario: U.E. Fenosa, S.A. —Ourense—, Sáenz Díez, 95.

Situación: Concello de Chantada.

Finalidade: Mellora da subministración eléctrica en Chantada —Carballedo—.

Características principais:

Liñas de media tensión a 20 KV: LMT a Comezo-Viana, con orixe no apoio 1 da LMT a Río Pedroso e final no apoio 11 desta liña, cunha lonxitude de 1.404 metros, conductor LA-56. LMT ó CT San Pedro, con orixe no apoio 5 da LMT a Comezo-Viana e final no CT San Pedro, cunha lonxitude de 513 metros e conductor LA-30. LMT ó CT Viana, con orixe no apoio 11 da LMT Comezo-Viana e final no CT Viana, cunha

lonxitude de 204 metros en conductor LA-30. LMT ó CT Axulfe, con orixe no apoio 5 da LMT Comezo-Viana e final no CT Axulfe, cunha lonxitude de 100 metros en conductor LA-30. LMT a Santa Mariña de Esmeriz, con orixe no apoio 6 d LMT ó CT Lama e final no CT Santa Mariña de Esmeriz, de 501 metros de lonxitude, en conductor LA-30. Centros de transformación en San Pedro, Viana, Axulfe e Santa Mariña de Esmeriz, de 25 KVA cada un, 20.000, 380/220 V., apoios de formigón. Liñas de baixa tensión, conductores RZ-95-50-25, apoios de formigón en grampados.

Procedencia dos materiais: Nacional.

Presuposto: 23.573.876 pesetas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nesta Delegación Provincial, r/Pascual Veiga, 12-14, e formularse ó mesmo tempo as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución.

Lugo, 5 de marzo de 1987.

Xesús Bendaña Suárez

Delegado Provincial

Resolución do 5 de marzo de 1987, da Delegación Provincial en Lugo, pola que se abre información pública sobre a instalación eléctrica que se cita (Exp. 2.302 AT).

Para os efectos previstos no artigo 9º do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, ábrese información pública sobre a seguinte instalación eléctrica:

Peticionario: Barras Eléctricas Galaico-Asturias, S.A., Lugo, Cidade de Viveiro, 4.

Finalidade: Mellora-la subministración na Arnela (Budián), Concello do Valadouro.

Orixe da liña: Na liña Cangas-Ferreira.

Final: No CT a Arnela (Budián).

Situación do transformador: No lugar da Arnela.

Características: Liña de media tensión, 20 KV., conductor LA-30 de 31,10 mm² de sección, cunha lonxitude de 0,493 kilómetros, apoios de formigón vibrado e metálicos. Centro de transformación, intemperie, cunha potencia de 50 KVA., 20.000, 380/220 V±5%, torre metálica ó final da liña de MT. Rede de baixa tensión, apoios de formigón e conductores LC-28, LC-56, RZ-50 e RZ-70.

Presuposto: 8.220.309 pesetas.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar os seus escritos por triplicado, con cantas alegacións consideren oportunas, nesta Delegación Provincial, r/Pascual Veiga, 12-14, no prazo de trinta días contados a partir da publicación desta Resolución.

Lugo, 5 de marzo de 1987.

Xesús Bendaña Suárez

Delegado Provincial